

FUNDACION HUMANITARIA DE LOS ROTARIOS ESPAÑOLES

EXPEDIENTE: PR803D-2023-00000030-00

Nome do proxecto: Mejora atención primaria en salud en 10 comunidades rurales del municipio S. Lorenzo, Valle, Honduras.

Segundo o establecido no artigo 14 da Orde do 19 de abril de 2023, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e procédese á súa convocatoria para o ano 2023, con data 31 de xullo de 2023, o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, por delegación do o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes adoptou a Resolución da axuda na que se establece o seguinte:

“Conceder á entidade FUNDACION HUMANITARIA DE LOS ROTARIOS ESPAÑOLES unha axuda por importe total de 182.171,35 euros para a execución do proxecto Mejora atención primaria en salud en 10 comunidades rurales del municipio S. Lorenzo, Valle, Honduras, distribuído nas seguintes anualidades: no ano 2023 por importe de 72.868,54 euros e no ano 2024 por importe de 109.302,81 euros”.

Así mesmo, infórmolle do seguinte:

- De acordo co disposto no artigo 16 da orde da convocatoria e co que establece o artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberá presentar no **prazo máximo de 10 días**, e por vía electrónica, unha declaración de **aceptación da axuda** na que conste o seu compromiso de achegar directamente ou cubrir con outras achegas a diferenza entre o custo total do proxecto e a contía da subvención finalmente concedida e un novo orzamento no caso de ter que reaxustar as porcentaxes de gasto (40% na primeira anualidade e 60% na segunda) conforme a resolución concedida.

Transcorrido este prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada. Igualmente deberán confirmar, se é o caso, que as subvencións solicitadas a outras institucións xa foron concedidas, ou ben que se compromete a financiar as cantidades adicionais que correspondan.

Así mesmo, a entidade beneficiaria poderá, dentro do mesmo prazo, renunciar á axuda ou presentar unha readaptación á subvención concedida sempre que tecnicamente sexa posible e non altere a finalidade, o obxecto e as condicións da dita subvención, que será sometida a unha nova análise aos efectos de comprobar que non afecte a orde de prelación dos proxectos subvencionados.

- O pagamento da subvención realizarase mediante pagamentos anticipados do 100% da anualidade que se trate e sen necesidade de esixir garantía, conforme co estipulado no artigo 17 da orde de convocatoria. A segunda anualidade pagarase unha vez xustificada a primeira anualidade conforme coas previsións do artigo 17.3.

- A xustificación da subvención concedida para proxectos que teñen un período de execución comprendido no exercicio corrente deberán ser xustificadas no prazo máximo de tres meses desde a finalización do prazo para a realización das actividades do proxecto subvencionado, conforme co establecido no artigo 94.3 d) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia e 28.2 da Lei de subvencións de Galicia, e con data límite do 31 de marzo de 2023.



Os proxectos con subvención plurianual xustificarán cada anualidade independentemente. A primeira anualidade dentro do primeiro trimestre do ano seguinte, coa documentación que se sinala no artigo 18.4 e a segunda anualidade coa documentación que se sinala no artigo 18.5 e con data máxima 31 de marzo de 2024, en virtude do establecido no artigo 94.3 d) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia e conforme co establecido no artigo 28.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A xustificación final do proxecto Integrada polos seguintes documentos:

1.- Xustificación técnica. A entidade beneficiaria da subvención deberá presentar o escrito de presentación da xustificación no modelo que figura como anexo VII xunto cos seguintes documentos:

- Certificación da persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ao fin destinado, asinada dixitalmente pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria.
- Informe final de execución asinado dixitalmente sobre os obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto, que indicará, co máximo detalle, os obxectivos conseguidos, os resultados obtidos, as actividades realizadas, o proceso de transferencia e a xestión das intervencións tras a súa finalización, así como a análise da súa sustentabilidade futura.

2.- Xustificación económica e de resultados: Comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida e ao resto de financiadores, así como a de avaliación externa de resultados que se recollan no documento de formulación que acompaña a solicitude de subvención e o documento da liña base, no caso de non telo achegado na xustificación intermedia.

A xustificación económica realizarase mediante a forma de conta xustificativa, sen prexuízo do establecido nos apartados 18.5.3 e 18.5.4 das bases en relación ás universidades e as axencias ou organismos internacionais das Nacións Unidas, que se rexerán polo establecido neles.

A conta xustificativa poderá ser:

1.- A conta xustificativa con achega de xustificantes de gastos incluirá:

- a) Certificación dos gastos polo importe total do proxecto, distribuída por partidas orzamentarias e na que se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinada dixitalmente pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria.
- b) Certificado desagregado e detallado de custos indirectos, asinado dixitalmente pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria.
- c) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data e do número da factura ou do documento xustificativo do gasto, identificación do emisor das mesmas, data e forma de pago e descrición do gasto co seu importe en moeda local e o seu equivalente en euros.
- d) Facturas ou documentos xustificativos dos gastos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.



- e) Acta de cesión de bens, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables.
- 2.- A conta xustificativa con entrega de informe de auditor/a, para subvencións por importe superior a 50.000 euros e para os proxectos executados por entidades que posúan ánimo de lucro, e opcional no caso de subvencións por importe igual o inferior a 50.000 euros, incluirá:
- a) Certificación dos gastos polo importe total do proxecto, distribuída por partidas orzamentarias e na que se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinada dixitalmente pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria.
 - b) Certificado de custos indirectos, asinado dixitalmente pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria, que deberá estar desglosado e detallado no caso de imputar persoal.
 - c) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data e do número da factura ou do documento xustificativo do gasto, identificación do emisor das mesmas, data e forma de pago e descrición do gasto, co seu importe en moeda local e o seu equivalente en euros.
 - d) Acta de cesión de bens, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables.
 - e) Informe do/da auditor/a de contas, que deberá estar inscrito/a como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC) no caso de ser realizada por persoal sometido á lexislación española, asinada dixitalmente.

As entidades beneficiarias deberán informar de xeito inmediato á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea sobre calquera acontecemento que altere ou dificulte notoriamente o axeitado desenvolvemento do proxecto subvencionado. Así mesmo, están obrigadas a incorporar de forma visible, en todas as accións derivadas do proxecto subvencionado, os logotipos oficiais da Xunta de Galicia e da Cooperación Galega, en formato duradeiro e material resistente, para a debida difusión da orixe da subvención.

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES82 2080 0300 8731 1006 3172 de titularidade «Xunta de Galicia» pertencente a entidade Abanca, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Contra a resolución ditada polo director xeral, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, ou presentar directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación.

O que lle traslado para o seu coñecemento e efectos.



Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela,
A subdirectora xeral de Cooperación Exterior
Pilar Romero Rodríguez

